



DATOS IDENTIFICATIVOS

Teoría Política Contemporánea

Materia	Teoría Política Contemporánea			
Código	P04M125V01101			
Titulación	Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional			
Descritores	Creditos ECTS 3	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Cancela Outeda, Celso			
Profesorado	Cancela Outeda, Celso			
Correo-e	ccancela@uvigo.gal			
Web	http://www.faitic.es			
Descripción xeral	Esta materia ten por obxectivo principal ofrecer unha panorámica das correntes da teoría política normativa contemporánea (liberalismo, marxismo, comunitarismo, nacionalismo, multiculturalismo, teoría de xénero e pensamento verde) que marcaron os debates teóricos nas últimas cinco décadas. Dunha banda, o estudo da Teoría política permite desenvolver unha perspectiva crítica para a comprensión dos problemas fundamentais das democracias contemporáneas e, doutra banda, serve descubrir os presupostos (filosóficos, éticos, políticos...) subxacentes nos arranxos institucionais e nas políticas públicas das democracias contemporáneas. Trátase, por tanto, dun exercicio de depuración de argumentos, ideas e conceptos políticos que permitan enriquecer conceptos e o vocabulario cos que pensar e avaliar a acción política hoxe.			

Competencias

Código

A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
B3	Capacidade de realizar reflexións e análises críticas sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
C3	Coñecer as principais teorías políticas contemporáneas de xeito exhaustivo.
D2	Capacidade de crítica e auto-crítica.
D5	Habilidade de aprendizaxe autodirixida e traballo autónomo no eido das ciencias sociais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer as principais teorías políticas contemporáneas de forma exhaustiva.	C3
Realizar reflexións e análises críticas sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	B3
Realizar unha investigación e análises críticas de forma autónomo no campo das ciencias sociais.	A1 D2 D5

Contidos

Tema

1. Que é a Teoría política contemporánea? Principais enfoques	1.1. A Teoría política no marco da Ciencia política. 1.2 Aproximación aos principais enfoques 1.2.1 Liberalismo contemporáneo 1.2.3 Comunitarismo 1.2.4 Multiculturalismo 1.2.5 Feminismo 1.2.6 Ecoloxismo 1.2.7 Cosmopolitismo 1.2.8 Outros
2. A Teoría política en acción: tendencias, debates e implicacións	2.1. A era dixital e as tecnoloxías exponenciais 2.2. Os desafíos e implicacións para a... 2.2.1. Política 2.2.2. Estado 2.2.3. Comunidade 2.2.4. Democracia 2.2.5. Príncipios políticos 2.2.6. Administración e xestión pública

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Foros de discusión	0	16	16
Resolución de problemas de forma autónoma	0	43	43
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	16	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.
Resolución de problemas de forma autónoma	A través de Faitic: Lectura de textos, actividades de autoavaliación, visualización pílulas e tutorías online
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudio. Desenvólvense a través do TIC de maneira autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contenido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Foros de discusión	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contenido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contenido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Avaluación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nunha contorna virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.	40	A1	C3	D2	D5
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudio. Desenvólvense a través do TIC de maneira autónoma.	60	A1	B3	C3	D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

- A información sobre as actividades avaliativas está dispoñible no espazo da materia en Faitic, baixo a etiqueta «Avaliación» de cada tema.
- O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria de xuño-xullo a partir da adaptación que de estas actividades realice o docente e cuxo contido será colocado na plataforma.
- Para a superación desta materia é necesario a lectura e asimilación dos textos vinculados a cada tema localizados na plataforma Faitic.
- Ademais dos textos, o/a estudiante terá acceso (directo/cita) a unha bibliografía complementaria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Chuliá, E.-Vinicio, M., **La teoría política normativa. algunos debates contemporáneos**, 1ª, MacGraw-Hill, 2010
Heywood, A, **Introducción a la Teoría política**, 1ª, Tirant lo blanch, 2010
Ferry, L, **La revolución transhumanista**, 1ª, Alianza, 2017
Gargarella, R., **Las teorías de la justicia después de Rawls**, 1ª, Paidos, 1999
Noah Harari, Y., **21 lecciones para el siglo XXI**, 1ª, Debate, 2018

Bibliografía Complementaria

Byung-Chul Han, **En el enjambre**, 1ª, Herder, 2014

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descripción

■ Esta asignatura impartese baixo a modalidade online. Polo tanto, no é necesario a adaptación das metodoloxías nin das probas de avaliação diante dunha posible alerta sanitaria provocada polo COVID- 19■

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.